

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

CENTRO: CPI CURROS ENRIQUEZ (PAZOS DE BORBÉN)
DATA: 8 de abril de 2022

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (Primaria) e matriculas de honra (ESO)
3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

Seguirase o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG 11/02/2022).

PRIMARIA:

A) Alumnado que acade a promoción con algunha área con cualificación negativa:

Recibirá no seguinte curso os **apoios** necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior (Artigo 6.2).

B) Alumnado que non acade a promoción e deba permanecer un ano mais no mesmo curso:

O equipo docente elaborará un **plan específico de reforzo** ⁽¹⁾ para que, durante ese curso, dito alumnado poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes (Artigo 6.3).

⁽¹⁾ segundo o establecido no **artigo 50** da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

ESO:

A) Alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar:

Seguirá no seguinte curso un **plan de reforzo en cada unha das materias non superadas**⁽²⁾, destinado á súa recuperación e á súa superación (Artigo 8.3).

⁽²⁾ seguirase o establecido no **artigo 51** da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

B) Alumnado que non acade a promoción e deba permanecer un ano mais no mesmo curso:

O equipo docente elaborará un **plan específico personalizado**⁽³⁾ para que, durante ese curso, dito alumnado poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes (Artigo 8.5).

⁽³⁾ seguirase o establecido no **artigo 52** da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Na promoción e na titulación considéranse para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores (Artigo 8 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022).

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

PRIMARIA: PROMOCIÓN (Artigo 5)

- A. Decisión de promoción ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto.
- B. Decisión adoptada de xeito colexiado polo equipo docente do grupo, con especial consideración á información e ó criterio do profesorado titor e tendo en conta os criterios de promoción.⁽⁴⁾
- C. Resto de cursos (primeiro, terceiro e quinto) → promoción automática
- D. Repetición medida excepcional, 1 soa vez na etapa.
- E. Realización dun Plan Específico de Reforzo para o alumnado repetidor (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade).

(4) CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

- Grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa (no 6º curso). Valorarase especificamente o nivel acadado nas competencias en comunicación lingüística e matemática e se este lle vai permitir progresar no ciclo ou etapa seguinte.
- A integración da/o alumna/o no seu grupo de referencia.
- A situación persoal e familiar da/o alumna/o e a súa repercusión no seu rendemento académico.

Ademais valoraranse:

- A actitude de superación mostrada, así coma o esforzo por progresar na aprendizaxe e superar dificultades.
- A opinión dos pais/nais/titores legais, que serán informados e escoitados previamente á decisión que se adopten.

ESO: PROMOCIÓN (Artigo 8)

O equipo docente de cada grupo tomará a decisión de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción establecidos na *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*.

Criterios de promoción:

- A. Todo aprobado.
- B. 1 ou 2 materias suspensas (tamén computan as de cursos anteriores).
- C. Máis de 2 materias suspensas si se cumpren **todas** as condicións seguintes:
 - 1. Media igual ou superior a 5.
 - 2. Non superadas, que permiten seguir con éxito o curso seguinte.
 - 3. Expectativas favorables de recuperación.
 - 4. Consideración de que a promoción beneficia á evolución académica.
- D. Repetición medida excepcional. 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio. Excepcionalmente, 1 repetición a maiores en 4º ESO. Realización dun Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade).

1.3. Criterios de Titulación	<p><u>ESO TITULACIÓN (Artigos 10 e 11)</u></p> <p>Ao finalizar o cuarto curso da etapa o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa e tendo en conta os criterios de titulación.</p> <p><u>Criterios de titulación:</u></p> <p>A. Todo aprobado.</p> <p>B. Con materias suspensas si se cumpren <u>todas</u> as condicións seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Media igual ou superior a 5.2. Adquisición das competencias establecidas.3. Obxectivos da etapa acadados. <p>C. Pode titular o alumnado con Adaptacións Curriculares.</p>
-------------------------------------	---

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (Primaria) e matriculas de honra (ESO)

2.1. Mención honorífica en Primaria	<p>Artigo 5 da ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>“Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente”.</p> <p>Entendemos por rendemento académico excelente aquel no que a/o alumna/o obteña unha cualificación de sobresaínte en catro ou mais áreas no último curso da etapa.</p> <p>A proposta de mención realizarase unha vez rematada a sesión de avaliación final do curso.</p>
2.2. Matrículas de honra na ESO	<p>Artigo 12 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022</p> <p>As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese nunha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.</p> <p><u>Máximo matrículas honra:</u> número enteiro máis próximo ó 5% do número de alumnado de 4º curso.</p> <p>A decisión tomarase unha vez finalizada a sesión de avaliación final do 4º curso.</p> <p>Se número de candidatas/os superior ó número de matrículas que corresponda outorgar, elaborárase unha lista en base aos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Media aritmética de todas as materias de 4º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.2. Media aritmética de todas as materias de 3º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.3. Media aritmética de todas as materias de 2º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.4. Media aritmética de todas as materias de 1º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.5. Media aritmética global da etapa de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

Criterios xerais:

1. Ó longo do curso, en cada materia/área, establécense plans de reforzos personalizados cando se detecta algunha necesidade no alumnado.
2. Tan pronto se detecten dificultades no progreso dunha alumna ou alumno, (e sobre todo unha vez realizadas a 1ª e 2ª avaliacións) o profesorado porá en marcha as medidas de recuperación que teña recollidas na súa programación didáctica para o alumnado que non superou a materia do curso, modificando dita programación se é preciso para atender as dificultades do alumnado.
3. Na ESO, os departamentos especificarán e informarán ó alumnado das actividades de apoio, reforzo, ampliación e recuperación para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final para aquel alumnado que ten pendente algunha das avaliacións anteriores ou que queira mellorar a súa cualificación final.

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias pendentes.

- Dentro da programación de cada departamento establécese un programa de recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
- A xefatura de cada un dos departamentos de ESO, debe levar un rexistro do alumnado coas materias pendentes correspondentes a ese departamento.
- Dende o inicio do curso levarase un seguimento deste alumnado, informándolles do tipo de probas ou exercicios que deberán realizar para superar as materias, así como das datas de entrega ou realización das probas, de acordo co establecido no plan de reforzo ou no plan específico personalizado establecido para cada alumna e alumno.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

- O alumnado que non acadou unha avaliación positiva nunha materia recibirá indicación dos aspectos a mellorar, sobre os que traballará neste período a fin de conseguir superar a materia.
- O alumnado que teña superadas as tres avaliacións trimestrais poderá mellorar a súa cualificación final, centrándose naqueles aspectos que poidan ser obxecto de mellora e que lle serán indicados polo profesorado da materia. Esta melloría avaliarase cos mesmos mecanismos empregados durante o curso en cada materia, e poderán supoñer unha melloría máxima de 1 punto na cualificación final.
- As actividades de recuperación e mellora empregarán os procedementos e os instrumentos de avaliación recollidos nas programacións de cada un dos departamentos.

3.3. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias con partes sen superar na etapa da ESO.

O informe de avaliación individualizado será elaborado polo profesorado da cada materia unha vez rematada a terceira avaliación parcial.

No informe recolleranse os criterios de avaliación e os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario, e que poderá recuperar levando a cabo as correspondentes actividades deseñadas polo profesorado.

3.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

Empregarase o modelo remitido pola Inspección Educativa.

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	Data de aprobación polo Claustro: 28 de abril de 2022 Data de información ó Consello Escolar: 28 de abril de 2022.
4.2. Publicidade	Data de publicación na páxina web do centro e envío de mensaxe ás familias a través da aplicación Abalar Móbil: 6 de maio de 2022